

da oferta á demanda cando se manifesta no mercado unha tendencia sostida de diminución desta, ou cando o exceso de capacidade productiva é claramente antieconómico e se encontran xustificadas pola situación económica xeral ou o interese público.

4.º En qué medida os acordos, decisións, recomendacións ou prácticas poden producir unha elevación suficientemente importante do nivel social e económico de zonas ou sectores deprimidos e se encontran xustificadas pola situación económica xeral ou o interese público.

5.º En qué medida os acordos, decisións, recomendacións ou prácticas non son capaces de afectar de maneira significativa a competencia no mercado pola súa escasa importancia.

NOTA: no caso de que concorran varias das circunstancias enumeradas, explíqueas separadamente facendo referencia ó número marxinal anteriormente indicado.

#### 8. Outras informacións.

Subministre calquera outra información dispoñible que na súa opinión podería permitirilles ós órganos da competencia apreciar se o acordo, decisión, recomendación ou práctica contén outros beneficios que puideran xustificar a autorización.

## XEFATURA DO ESTADO

**8035** *CORRECCIÓN de erros da Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións.* («BOE» 92, do 17-4-2003.)

Advertido un erro na Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 2 en lingua galega, do día 11 de xaneiro de 2003, procédese a efectuar a oportuna rectificación:

Na páxina 265, segunda columna, onde di: «Disposición adicional sétima. Fundacións vinculadas ós partidos políticos (nova).», debe dicir: «Disposición adicional sétima. Fundacións vinculadas ós partidos políticos».

## MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**8223** *ORDE APA/943/2003, do 16 de abril, pola que se desenvolven e concretan determinados aspectos do Regulamento (CE) 2182/2002 da Comisión, en relación coas accións de reconversión financiadas polo Fondo Comunitario do Tabaco.* («BOE» 96, do 22-4-2003, e «BOE» 101, do 28-4-2003.)

O Regulamento (CE) 546/2002 do Consello, do 25 de marzo de 2002, polo que se fixan, por grupos de variedades e por estados membros, as primas e os límites de garantía do tabaco en folla para as colleitas de

2002, 2003 e 2004 e se modifica o Regulamento (CEE) 2075/92, polo que se establece a organización común de mercados no sector do tabaco cru, introduciu tamén unha profunda modificación do Fondo Comunitario do Tabaco, incrementando o seu financiamento e dando novas orientacións sobre a súa utilización.

O Fondo nótrese mediante unha retención sobre as primas pagadas ós produtores de tabaco, que se fixou nun 2% para a colleita de 2002, un 3% para a colleita de 2003 e a posibilidade de acadalo 5% na colleita de 2004 por proposta da Comisión. Substituíuse o ámbito da investigación agronómica por accións específicas de apoio ó desenvolvemento de iniciativas de reconversión dos produtores de tabaco cara a outros cultivos ou actividades económicas creadoras de emprego, en concordancia co programa de readquisición de cotas de tabaco, así como estudos sobre as posibilidades de reconversión dos produtores de tabaco cara a outros cultivos ou actividades.

O Regulamento (CE) 2182/2002 da Comisión, do 6 de decembro de 2002, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CEE) 2075/92 do Consello no que se refire ó Fondo Comunitario do Tabaco, establece o seu novo marco regulador.

No que atinxe ó ámbito das accións de reconversión, defínense as accións específicas individuais e de interese xeral, os estudos sobre alternativas de reconversión susceptibles de financiamento e os beneficiarios dos diferentes tipos de accións; tamén se describen a intensidade da axuda para as distintas accións, así como o importe total da axuda por produtor para o conxunto das accións; o prazo e o procedemento de distribución dos recursos financeiros do Fondo entre os estados membros produtores; o contido dos programas que deben elaborar; os compromisos dos beneficiarios e os controis e sancións que se deben aplicar; e as comunicacións e informacións que os estados membros lle deben enviar á Comisión.

Procede, por iso, adoptar as disposicións nacionais necesarias para a correcta execución do programa e defini-los seus responsables que serán, con carácter xeral, as autoridades competentes das comunidades autónomas no caso das accións individuais destinadas á reconversión dos produtores. As ditas autoridades participarán tamén no estudo previo e no control posterior das chamadas accións de interese xeral, as axudas das cales serán, sen embargo, outorgadas polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. Iso é debido tanto ás especiais características dos seus destinatarios, pola súa condición de organismos ou entidades públicas non necesariamente localizadas nas zonas de produción do tabaco, como a que as ditas accións consistan en actividades de investigación.

A recente publicación da referida normativa europea e a necesidade de establecer dun modo inmediato determinados prazos e requisitos que deberán ter en conta os participantes no réxime de axuda, son circunstancias que xustifican, pola urxencia do caso, o recurso excepcional a esta orde.

A elaboración desta norma foi sometida á consulta das comunidades autónomas e entidades representativas do sector.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto concretar e desenvolver determinados aspectos do Regulamento (CE) 2182/2002, do 6 de decembro, en relación coas accións de reconversión previstas nos seus artigos 13 e 14 e

coa axuda a estas accións con cargo ó Fondo Comunitario do Tabaco, establecida pola citada disposición comunitaria.

**Artigo 2. *Programas relativos ás accións de reconversión e ás accións de interese xeral e estudos sobre as posibilidades de reconversión dos produtores de tabaco.***

1. A Dirección Xeral de Agricultura, consultadas as comunidades autónomas produtoras de tabaco, elaborará anualmente o programa nacional relativo ás accións individuais de reconversión dos produtores e ás accións de interese xeral e estudos sobre as posibilidades de reconversión dos produtores de tabaco, de conformidade co artigo 18 do Regulamento (CE) 2182/2002.

2. As comunidades autónomas produtoras de tabaco remitirán ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, antes do 31 de xaneiro de cada ano, un informe sobre a situación do seu sector de produción de tabaco, a estratexia que propón, os obxectivos e prioridades en materia de reconversión da produción de tabaco, a valoración das repercusións sociais, económicas e ambientais, un cadro financeiro orientativo das accións de reconversión, así como canta información se considere en relación coa estratexia, obxectivos e prioridades que se propoñen, dentro do seu ámbito territorial.

**Artigo 3. *Beneficiarios das accións de reconversión.***

1. Os beneficiarios das accións individuais de reconversión serán os definidos no artigo 15.1 do Regulamento (CE) 2182/2002.

A posibilidade de presentar unha solicitude para beneficiarse da axuda do Fondo quedará limitada ó primeiro ano durante o cal o beneficiario deixa de ter unha cota atribuída.

2. Os beneficiarios das accións de interese xeral e dos estudos sobre as posibilidades de reconversión dos produtores do tabaco, serán os especificados no artigo 15.2 do Regulamento (CE) 2182/2002.

**Artigo 4. *Importe das axudas segundo o tipo de beneficiario e de acción.***

O importe total da axuda comunitaria concedida, a súa variabilidade dependendo do tipo de beneficiario e acción, está definida no artigo 16 do Regulamento (CE) 2182/2002.

**Artigo 5. *Gastos subvencionables.***

1. O gasto subvencionable nas accións individuais destinadas á reconversión dos produtores de tabaco, recollidas no artigo 13 do Regulamento (CE) 2182/2002 poderá cubrir, entre outros, os conceptos seguintes:

- a construción e adquisición de bens inmobles, excepto a compra de terreos;
- a adquisición de nova maquinaria e de equipo, incluídos os programas informáticos;
- os gastos xerais, tales como honorarios de arquitectos, enxeñeiros e consultores, estudos de viabilidade, adquisición de patentes e licencias, ata un límite do 12% dos gastos dos dous guións anteriores.
- os relativos a adquisición de material vexetal e implantación dos novos cultivos.

2. Nas accións de interese xeral e os estudos sobre as posibilidades de reconversión dos produtores de

tabaco descritos no artigo 14 do Regulamento (CE) 2182/2002, os gastos subvencionables poderán ser, entre outros, a elaboración, publicación e divulgación dos traballos desenvolvidos e a contratación de servizos de consultoría especializada.

**Artigo 6. *Solicitude da axuda.***

1. Os produtores que reúnan as condicións especificadas no artigo 3.1 desta orde, poderán dirixir unha solicitude de axuda con cargo ó Fondo durante o primeiro ano no que deixaron de ter cota, antes do 15 de febreiro de cada ano, ó órgano competente da comunidade autónoma onde radica a súa explotación, por calquera das canles previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Os organismos e entes públicos a que se refire o artigo 3.2 desta orde, interesados en levar a cabo accións de interese xeral ou estudos sobre as posibilidades de reconversión dos produtores de tabaco, poderán presentar unha solicitude de axuda, antes do 15 de febreiro de cada ano, ante o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, por calquera das canles previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. As solicitudes de axuda deberán ir xunto cun proxecto e cunha declaración asinada pola que o solicitante se compromete a non presentar para o mesmo proxecto unha nova solicitude de axuda en ningún outro réxime de axuda.

Cando as accións individuais de reconversión ou reorientación non precisen a elaboración dun proxecto, deberase presentar, alomenos, un estudio de viabilidade xunto con facturas pro forma.

4. As solicitudes deberán conter, alomenos, a identificación de cada solicitante, o importe do investimento desagregado segundo o tipo de acción e o importe da axuda solicitado e, no caso dos produtores, deberanse indica-los elementos descritivos e indicadores básicos da súa explotación.

**Artigo 7. *Asignación anual dos recursos do Fondo, correspondentes ás accións individuais de reconversión.***

1. As comunidades autónomas produtoras de tabaco elaborarán e remitirán ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, antes do 15 de marzo de cada ano, un plan provisional de financiamento das solicitudes presentadas, diferenciado por tipo de acción.

2. Para accións individuais: unha vez que a Comisión Europea realice a asignación anual de recursos do Fondo, provisional e definitiva, de conformidade co establecido no artigo 17 do Regulamento (CE) 2182/2002, a Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural procederá á distribución definitiva por comunidades autónomas dos recursos correspondentes ás accións individuais de reconversión, atendendo as solicitudes de intervención presentadas.

3. Para accións de interese xeral e estudos: tras coñecer-la decisión da Comisión Europea de distribución orientativa e definitiva de recursos do Fondo, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación especificará e divulgará as cantidades anuais dispoñibles para financiar accións xerais e estudos.

**Artigo 8. *Aprobación de proxectos e financiamento.***

1. A aprobación dos proxectos de accións individuais, así como a determinación do seu financiamento,

corresponderalle ó órgano competente da comunidade autónoma productora de tabaco a que se refire o artigo 6.1 desta orde, que se aterá ós recursos financeiros definitivos asignados de acordo co disposto no artigo 7.

2. Nos proxectos relativos a accións de interese xeral e a estudos, a Dirección Xeral de Agricultura, inmediatamente antes de elabora-la proposta de resolución, remitirálle-los expedientes ás comunidades autónomas produtoras de tabaco para que emitan informe sobre eles. Cumprido este trámite, e á vista dos informes citados, a Dirección Xeral de Agricultura elevará a proposta de resolución ó ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, que dictará a correspondente resolución aprobando ou non os proxectos presentados e fixando, en caso positivo, o seu financiamento.

3. Con independencia das solicitudes presentadas para un tipo ou outro de acción, o importe conxunto dos proxectos aprobados non poderá supera-lo total dos recursos anuais asignados.

#### Artigo 9. *Prazo de execución dos proxectos e accións.*

Os proxectos executaranse nun prazo de dous anos a partir da data de notificación ó beneficiario da súa aprobación definitiva.

#### Artigo 10. *Prazo de pagamento da axuda e anticipos.*

1. A axuda será aboada polo órgano competente da comunidade autónoma e, se é o caso, polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, logo de comprobación da execución do proxecto ou estudio en cuestión e, como máis tarde, nun prazo de tres anos a partir da data de notificación ó beneficiario da aprobación do proxecto ou estudio.

2. Como excepción ó disposto no punto 1, os órganos competentes das comunidades autónomas e, se é o caso, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, poderán anticipa-lo pagamento da axuda, coa condición de que:

- a) comezase a execución do proxecto;
- b) o beneficiario depositase unha garantía por un importe igual ó 120% do importe do anticipo. Non obstante, as institucións públicas poderán estar exentas desta obriga. Para efectos da aplicación do Regulamento (CEE) 2220/85, a obriga consistirá en executa-lo proxecto no prazo fixado no punto 1.

#### Artigo 11. *Controis e sancións.*

1. Os órganos competentes das comunidades autónomas realizarán un control administrativo e un control in situ de tódolos proxectos aprobados definitivamente financiados polo Fondo. En particular, controlarase que os ditos proxectos non se beneficien doutro réxime de axuda de acordo co compromiso adquirido polo solicitante.

2. Cando se incumpra o compromiso referido no último parágrafo do punto anterior, serán de aplicación as sancións establecidas no punto 2 do artigo 19 do Regulamento (CE) 2182/2002.

3. Para efectos do disposto no punto 1 deste artigo, consideraranse competentes:

- a) Para as accións individuais de reconversión, o órgano competente da comunidade autónoma que aprobase o proxecto e establecese o seu financiamento.
- b) Para as accións de interese xeral e estudos, o órgano competente da comunidade autónoma no territorio da cal estea situada, integramente ou na súa maior parte, a zona obxecto daqueles.

#### Artigo 12. *Información e seguimento.*

1. O ficheiro informático que inclúa tódolos elementos dos proxectos financiados polo Fondo, de conformidade co artigo 20 do Regulamento (CE) 2182/2002, será proporcionado, se é o caso, polas comunidades autónomas ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para cada beneficiario, así como os correspondentes certificados de execución da acción obxecto de axuda e do cumprimento dos compromisos contraídos polo beneficiario.

2. Os órganos competentes e os organismos pagadores das comunidades autónomas, se é o caso, serán depositarios en orixe, alomenos durante os dez anos seguintes ó do seu rexistro, da información que se debe dispor para os efectos de cubri-las esixencias da Comisión Europea no exercicio das funcións de seguimento, avaliación e control, e remitirán ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a información necesaria para o cumprimento das correspondentes obrigas coas institucións comunitarias, subministrando en especial os documentos que sirvan de soporte do cumprimento dos artigos 23 e 24 do Regulamento (CE) 2182/2002.

3. Os órganos competentes das comunidades autónomas remitirán anualmente ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, antes do 15 de marzo de cada ano, un informe detallado referente ós progresos do programa durante o ano anterior.

4. Para os efectos de instrumenta-lo control do cumprimento dos requisitos da normativa comunitaria, así como para facilita-las actividades que para tal fin realicen as institucións da Comunidade Europea, estableceranse cos órganos competentes das comunidades autónomas os mecanismos apropiados de realización e coordinación dos ditos controis.

#### Disposición adicional única. *Colleita 2003.*

Para a colleita 2003, as solicitudes de intervención ás que se refire o artigo 6 poderanse presentar ata o día 30 de abril inclusive, e as datas sobre comunicacións veranse modificadas de conformidade co establecido no artigo 26 do Regulamento (CE) 2182/2002.

#### Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva en materia de bases e de coordinación da planificación xeral da actividade económica, así como na regra 1.15.<sup>a</sup> do dito precepto, sobre o fomento e a coordinación xeral da investigación científica e técnica.

#### Disposición derradeira segunda. *Aplicación.*

A Secretaría Xeral de Agricultura e Alimentación e o Fondo Español de Garantía Agraria, no ámbito das súas competencias, dictarán as resolucións e adoptarán as medidas para a aplicación desta norma.

#### Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 16 de abril de 2003.

ARIAS CAÑETE

(Esta orde inclúese tendo en conta a corrección de erros publicada no «Boletín Oficial del Estado» número 101, do 28 de abril de 2003.)



# BOLETÍN OFICIAL DEL ESTADO

ANO CCCXLIII

• XOVES 1 DE MAIO DE 2003

• SUPLEMENTO NÚM. 7 EN LINGUA GALEGA

FASCÍCULO SEGUNDO

## XEFATURA DO ESTADO

**8510** *LEI 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal. («BOE» 99, do 25-4-2003.)*

JUAN CARLOS I  
REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A lexislación sobre sanidade animal tivo a súa base fundamental na Lei de epizootias do 20 de decembro de 1952 e no Regulamento que a desenvolve, aprobado por Decreto do 4 de febreiro de 1955, e constituíu un instrumento de grande utilidade na prevención, loita e control das enfermidades dos animais, tanto de carácter



MINISTERIO  
DE LA PRESIDENCIA